

IES SANCLEMENTE

Historia do Mundo Contemporáneo

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO ACADÉMICO 2020-2021

FERNANDO LOJO PIÑEIRO

INDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
2. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECIFICOS	4
3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	7
4. CONTIDOS: TEMPORALIZACIÓN / UNIDADES DIDÁCTICAS	8
5. UNIDADES DIDÁCTICAS E PRINCIPAIS CONCRECIÓNS CURRICULARES: OBXECTIVOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APREDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	12
6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	37
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	39
8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	40
9. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	42
10. INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	68
11. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES	72
12. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN	72
13. AVALIACIÓN INICIAL	72
14. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	73
15. TEMAS TRANSVERSAIS	73
16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	76
17. VALORES E IMPULSO DA AUTONOMÍA PERSOAL	76
18. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AOS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO	77
19. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA AFRONTAR O PROCESO DE PANDEMIA	81

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Traballar unha materia como é a **Historia do Mundo Contemporáneo** en primeiro curso de bacharelato é esencial para a comprensión do mundo actual, tanto polos seus contidos como polas ferramentas que posibilita non eido formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias da observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Nun senso máis amplo, a Historia como disciplina dentro do ensino contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras. Historia do Mundo Contemporáneo pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo pero prestando, cando é preciso, unha especial atención ao Estado e a Galiza.

Á hora de deseñar a **abordaxe desta materia**, cómpre ter en conta, en primeiro lugar, a **cronoloxía** como eixo do coñecemento histórico, porque non hai historia sen acontecementos, e no histórico está presente a idea de cambio, e precisamente para explicar tal cambio debemos recorrer á multiplicidade de sectores que compoñen a vida cotiá. Así mesmo, a partir dos **contidos**, dos **criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliábeles** preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as **actividades** propostas queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha **actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos**.

En relación aos **contidos**, a materia de Historia do Mundo Contemporáneo en primeiro curso de bacharelato, arrancan dun estudo do Antigo Réxime e a súa crise e, a partir da Revolución Industrial e as súas consecuencias, chegan ao século XX, facendo especial fincapé na Europa de entreguerras e na Segunda Guerra Mundial, establecendo unha caracterización específica do mundo desde os anos cincuenta do século XX ata o mundo actual, definido polas áreas xeopolíticas e culturais, dentro da globalización, cos conflitos que o caracterizan, sen pasar por alto o final do bloque comunista e as novas relacións internacionais xurdidas despois dos atentados de Nova York ou o xurdimento do radicalismo islámico.

Tratando de abordar esta materia desde unha **perspectiva multidisciplinar e crítica**, a historia enriquecese coas achegas doutras disciplinas e mesmo coas conclusións da investigación xornalística dos acontecementos. Podemos incluír tamén a análise noutros idiomas, o uso das TIC, a crítica dos medios de comunicación, a reflexión sobre a diversidade cultural, a historia oral ou a comparación con novelas históricas deses feitos históricos.

Débense desenvolver conceptos, pero tamén **procedementos do traballo** do historiador/a, cun léxico propio da disciplina que requirirá rigor e espírito de traballo, exposicións, correcta ortografía e expresión que lle permitan ao alumnado establecer os seus razoamentos e argumentacións. A través do estudo de Historia do Mundo Contemporáneo, aos estudantes deberán adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido.

A materia é rica en achegas ao **coñecemento competencial**. As competencias clave sociais e cívicas, e as de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios de Historia do Mundo Contemporáneo. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de **aprender a aprender** están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia.

No que atinxe á **contextualización**, o IES San Clemente é un centro urbano que se sitúa no casco histórico de Santiago de Compostela (Rúa San Clemente s/n) e que posúe oferta educativa presencial (Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes, Ciclo Superior ASIR, Ciclo Superior DAM, Ciclo Superior ASIR Modular, Ciclo Superior DAW Modular) e oferta educativa a distancia (Ciclo Medio SMR Modular, Ciclo Superior ASIR Modular, Ciclo Superior DAM Modular, Ciclo Superior DAW Modular, Bacharelatos e ESA). O feito de estar a elaborar unha **programación para o ensino a distancia semipresencial** (1º Bacharelato) confírelle á mesma algunhas particularidades, entre as que destaca a **heteroxeneidade do noso alumnado**, o cal procede de ámbitos moi diversos e con intereses tamén moi diferentes (acceso a ciclos, universidade...), así como ferramentas e procedementos de avaliación máis axustados a esta realidade do alumnado, que trataremos no apartado correspondente, entre outros aspectos que esixen un grao de adaptación da programación didáctica.

2. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

Esta programación axústase ás indicacións para a materia Historia do Mundo Contemporáneo recollidas no **Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato**, e ás recollidas no **Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza**.

Os **obxectivos xerais** son as capacidades que, por medio das materias comúns, de modalidade e optativas, deberán ser alcanzadas polos alumnos e as alumnas de Bacharelato. Constitúen os grandes retos que deben propoñer os e as docentes desta etapa. Son, polo tanto, interdisciplinares e de ámbitos educativos plurais: cognoscitivos, afectivos e psicosociais. Os cognoscitivos deberán alcanzarse mediante o ensino e a aprendizaxe da materia impartida polo profesorado. Os demais, mediante a contribución unánime do conxunto do profesorado.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsábel e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua galega, lingua propia desta nacionalidade histórica, e a lingua castelá, cooficial da comunidade autónoma.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) [non aparece no Decreto]
- k) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.

l) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

m) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

n) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

ñ) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

Polo que atinxe aos **obxectivos específicos**, partindo dos obxectivos xerais do Bacharelato establecidos na LOMCE e da súa concreción legal na Comunidade Autónoma de Galiza, os de Historia do Mundo Contemporáneo han de contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Coñecer e analizar os feitos e procesos máis significativos da historia do mundo contemporáneo, situándoos no seu tempo e espazo, valorando a súa significación no proceso histórico e as súas repercusións na actualidade.

- Explicar e relacionar entre si os principais cambios socioeconómicos, políticos e de mentalidade colectiva, acaecidos desde o século XVIII.

- Buscar, seleccionar e analizar de forma rigorosa información escrita e gráfica relevante, utilizando métodos e técnicas propias da disciplina histórica para o tratamento de fontes primarias e secundarias.

- Adquirir unha visión global e coherente do mundo contemporáneo que, superando enfoques reducionistas, facilite a análise das situacións e os problemas do presente, considerando neles os seus antecedentes históricos e as súas relacións de interdependencia.

- Fomentar o traballo intelectual e a empatía histórica a partir da lectura de obras literarias, o visionado de filmes e a análise de obras de arte significativas de cada período.

- Defender razoadamente as propias ideas sobre a sociedade e revisalas de forma crítica, tendo en conta novas informacións, corrixindo estereotipos e prexuízos, entendendo a historia como unha ciencia aberta á información e aos trocos que brindan as novas tecnoloxías e como un proceso en constante reconstrución.

- Desenvolver a sensibilidade e o sentido da responsabilidade, adoptando unha actitude crítica ante os problemas sociais actuais, en especial os que afectan á defensa dos dereitos humanos, tanto individuais coma colectivos, aos valores democráticos e ao camiño cara á paz.

- Manexar, de xeito adecuado, os conceptos básicos e a terminoloxía aceptada pola historiografía, aplicándoa á historia contemporánea co fin de interpretar e transmitir información histórica con claridade, orde e rigor científico.
- Utilizar adecuadamente a aula virtual.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

O proxecto de Historia do Mundo Contemporáneo para 1º de Bacharelato contribúe ao desenvolvemento de todas e cada unha destas competencias debido aos contidos que abrangue, os procedementos e actividades que se presentan e as reflexións que propoñen acerca dos diferentes feitos e fenómenos históricos contemporáneos.

Todas as áreas ou materias do currículo participan no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lexislación actual, son:

- 1.º Comunicación lingüística.
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3.º Competencia dixital.
- 4.º Aprender a aprender.
- 5.º Competencias sociais e cívicas.
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7.º Conciencia e expresións culturais.

A **competencia en comunicación lingüística** áchase vinculada á análise dos diferentes tipos de fontes históricas, o cal implica non só coñecer e utilizar un vocabulario específico da área de coñecemento, senón cotexar información, comprendela, elaborar sínteses e comentarios e expoñer ideas propias.

A **competencia de aprender a aprender** constitúe un elemento fundamental debido á necesidade de utilizar no traballo diario da materia diferentes ferramentas de aprendizaxe, como esquemas, mapas conceptuais ou eixos cronolóxicos.

A **competencia dixital** desenvólvese perfectamente integrada na programación e constitúe, tanto na aula virtual coma nas ligazóns de información complementaria, un dos piares básicos do ensino a distancia desenvolvido no noso IES, sempre entendendo que a utilización de información procedente da rede ha de ir parella ao desenvolvemento dun pensamento crítico que permita discernir a súa veracidade e rigor científico.

Os propios contidos de Historia do Mundo Contemporáneo contribúen ao desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas** dado que axudan a comprender conceptos como os dereitos humanos, a diversidade cultural e social ou a importancia das institucións democráticas, reforzando así a conciencia social e cidadá, favorecendo a participación social e a comprensión e o respecto ás diferenzas sociais e culturais.

Así mesmo contribúe ao desenvolvemento da **competencia da conciencia e expresións culturais**, xa que a arte e as diferentes manifestacións culturais se encontran integradas como parte da propia historia dos pobos e como fonte histórica sobre estes.

A súa comprensión favorece a súa valoración positiva e de aí o respecto cara aos bens de interese histórico-artístico e o patrimonio cultural.

Por outra parte, ao abordarse o estudo da evolución técnica e económica das sociedades foméntase o desenvolvemento da competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor; ao igual que ao tratar sobre os cambios tecnolóxicos, o seu impacto na vida cotiá e a súa contribución á evolución das sociedades, en particular os asociados ás distintas revolucións industriais, contribúese ao desenvolvemento da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, conseguindo unha formación integral que valore a importancia da interacción entre ciencia e tecnoloxía e a súa achega á historia.

4. CONTIDOS: TEMPORALIZACIÓN /UNIDADES DIDÁCTICAS

A programación componse de 12 unidades didácticas, distribuídas en tres grandes bloques que se corresponden con cada avaliación-trimestre.

AVAL.	QUINCENA	CONTIDOS		Ref. D. 86/2015
	1 [23/09201 6-07/11]	UD1_O ANTIGO RÉXIME	A monarquía absoluta	B1.1 B1.2 B1.3 B1.5
			Unha economía agraria de tipo colonial	B1.1 B1.2
			A sociedade estamental	B1.1 B1.2

1			Crítica do Antigo Réxime. O pensamento ilustrado	B1.4
			Do Rococó ao Neoclasicismo	B1.6 B3.8
	2 [07/11-21/11]	UD2_REVOLUCIÓN LIBERAIS E NACIONALISMOS	A revolución americana: independencia dos EE.UU	B3.1 B3.2
			A Revolución Francesa	B3.1 B3.3 B3.4
			A revolución liberal española	B3.1 B3.6
			A independencia das colonias hispano-americanas	B3.1 B3.9
			A Europa da Restauración. O Congreso de Viena e a Santa Alianza	B.3.1 B3.5
			Liberalismo e nacionalismo tras o Congreso de Viena	B3.1 B3.6 B3.7
			Cultura e arte. O Romanticismo	B3.1 B3.8
	3 [21/10-04/11]	UD3_AS REVOLUCIÓN INDUSTRIAIS E AS SÚAS CONSECUENCIAS	A Revolución industrial: concepto e factores que a fan posible	B2.1
			A Primeira Revolución Industrial: características xerais e sectores industriais	B2.2 B2.4
			A difusión da industrialización a Europa continental	B2.3
			A Segunda Revolución Industrial	B2.2 B2.4
			A economía industrial: liberalismo económico e capitalismo	B2.5
			O nacemento da sociedade de clases	B2.6
			A organización da clase obreira	B2.6
			A expansión do movemento obreiro	B2.6
			A arte da segunda metade do século XIX	B4.1
	4 [04/11-18/11]	UD4_A DOMINACIÓN EUROPEA DO	As grandes potencias europeas	B4.1 B4.2
			As potencias emerxentes	B4.2
			A expansión colonial dos países industriais	B4.3

	11]	MUNDO	Tensións internacionais derivadas do imperialismo	B4.3
EXAMES 28, 30/11				
2	1 [02/12-16/12]	UD5_A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL E A REVOLUCIÓN RUSA	Relacións internacionais a principios do século XX: Paz Armada e carreira de armamentos	B4.4
			Causas da guerra	B4.5
			A Gran Guerra: 1914-1918	B4.5
			Consecuencias da Primeira Guerra Mundial	B4.5
			Os tratados de paz	B5.3
			A Sociedade de Nacións	B5.3
			Os problemas da posguerra en Europa	B5.3
			A Rusia zarista a comezos do século XX	B5.2
			Antecedentes da revolución rusa	B5.2
			As revolucións de 1917	B5.2
			A loita pola revolución: guerra civil, comunismo de guerra e NEP	B5.2
			O impacto internacional da revolución	B5.2
			A creación da URSS	B5.2
			A loita polo poder	B5.2
			A ditadura stalinista	B5.2
	2 [16/12-30/12/2016]	UD6_OS FELICES ANOS 20 E A GRAN DEPRESIÓN. SOCIEDADE DE MASAS	Os anos 20. A Crise de 1929	B5.1
			A Gran Depresión dos anos 30. As consecuencias	B5.4
			As respostas á crise. O <i>New Deal</i>	B5.4
			A sociedade de masas	B5.1
			Arte a comezos do século XX	B5.1
	3 [13/01/2017 - 27/01/2017]	UD7_OS TOTALITARISMOS FASCISTAS E A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL	A crise das democracias na Europa de entreguerras	B5.5
			Bases dos sistemas totalitarios fascistas	B5.5
			O fascismo italiano: modelo dos demais fascismos	B5.5
			A Alemaña nazi	B5.5
			Relacións internacionais do período de entreguerras	B5.6
			Viraxes cara a guerra	B5.7

	-27/01]	SEGUNDA GUERRA MUNDIAL	Características xerais do conflito	B5.8
			Desenvolvemento da Segunda Guerra Mundial	B5.8
			A orde nazi na Europa ocupada	B5.8 B5.10
			Consecuencias da guerra	B5.9
			Organización da paz e creación da ONU	B5.11
	4 [27/01-10/02]	UD8_GUERRA FRÍA E DISTENSIÓN	Bipolarización e focos de tensión	B6.1
			A Guerra Fría	B6.2 B6.3 B6.4
			Os inicios da distensión (1958-1975): a coexistencia pacífica	B6.2 B6.3 B6.4
	EXAMES 20, 22/02			
	3	1 [24/02-10/03]	UD9_O MUNDO CAPITALISTA	Esplendor do capitalismo e crise. O Estado do Benestar
A supremacía dos EE.UU. (1960-1990)				B9.5
A construción da UE. Obxectivos e institucións				B9.3 B9.4
Xapón e os novos países asiáticos industrializados				B9.6
Os movementos de protesta				B9.1
Cultura e arte da segunda metade do século XX				B9.1
2 [10/03-24/03]		UD10_A CRISE DO BLOQUE COMUNISTA	A URSS e as democracias populares	B8.1
			Crise e desaparición da URSS	B8.2 B8.3
			A democratización da Europa do Leste	B8.4
			A desintegración da Iugoslavia	B8.5
3 [24/03-07/04]		UD11_DESCOLONIZACIÓ E TERCEIRO MUNDO	O proceso de descolonización	B7.1 B7.3
			A descolonización de Asia	B7.2
			Os conflitos en Oriente Próximo	B7.2
			A descolonización de África	B7.2
			O Movemento de Países Non Aliñados	B7.4
			O Terceiro Mundo. Relacións entre mundo desenvolvido e non desenvolvido	B7.4 B7.5

	4 [07/04-21/04]	UD12_ENTRE DOUS MILENIOS	A globalización	B10.1
			EE.UU. no século XX	B10.4
			Cara a unidade europea	B10.3
			A transformación do mundo islámico	B10.2 B10.6
			América Latina na actualidade	B10.5
			África, o continente esquecido	B10.7
			Asía, o continente emerxente	B10.8
EXAMES 8, 10/05				
EXAME FINAL 5, 7/06				

*O Bloque 11 do Decreto 86/2015 cos seus epígrafes: B11.1, B11.2 e B11.3 está presente en todos os temas, polo tanto inclúese en todos os apartados.

5. UNIDADES DIDÁCTICAS E PRINCIPAIS CONCRECIÓNS CURRICULARES: OBXECTIVOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APREDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

UD1_ O ANTIGO RÉXIME

Ata finais do século XVIII e inicios do XIX, boa parte das sociedades europeas continuaron funcionando coas claves do Antigo Réxime. Estas caracterizáronse por un sistema económico no que a posesión da terra determinaba o status social, polo mantemento de estruturas herdadas da Idade Media, e por unha sociedade de tipo estamental. No campo da política, a monarquía absoluta foi a forma de goberno común para a maioría duns estados que pronto, no cambio de centuria, asistiran á caída destas estruturas, á xénese de textos constitucionais, e aos intentos de implantación de estados liberais. Trátase, polo tanto, dunha unidade fundamental para comprender conceptos como absolutismo, ilustración ou despotismo.

Obxectivos didácticos

1. Identificar e definir os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.
2. Caracterizar as transformacións no Antigo Réxime, enumerando as que afectan á economía, poboación e sociedade.

3. Comprender o parlamentarismo inglés do século XVII, resumindo as características esenciais do sistema.
4. Identificar as ideas da Ilustración e do liberalismo de comezos do século XIX, a partir da análise de textos históricos.
5. Explicar as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo, particularmente o sistema establecido en Utrecht.
6. Recoñecer e comentar as manifestacións artísticas pertencentes á arte barroca e rococó.

UD1_ O Antigo Réxime			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
A monarquía absoluta. Unha economía agraria de tipo señorial. A sociedade estamental. Crítica do Antigo Réxime. O pensamento ilustrado. Do Rococó ao Neoclasicismo.	B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas.	HMCB1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña.	CSC CAA CCL
		HMCB1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime.	CSC CAA CCL CD
		HMCB1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.	CSC CAA CCL CCEC
		HMCB1.1.4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime.	CSC CAA CCL
	B1.2. Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerar as que afectan a economía, a poboación e a sociedade.	HMCB1.2.1. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade.	CSC CAA CCL
		HMCB1.2.2. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII.	CSC CAA CCL
	B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do	HMCB1.3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas.	CSC CCEC CCL

	características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.	HMCB1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do A. Réxime.	CSC CCEC CCL
	B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías.	HMCB1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX.	CSC CCEC CCL
		HMCB1.4.2. Establece as semellanzas e AS diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX.	CSC CCEC CCL
	B1.5. Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo.	HMCB1.5.1. Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen.	CSC CAA CD
	B1.6. Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime e seleccionar as obras máis destacadas.	HMCB1.6.1. Distingue e caracteriza obras de arte do Rococó.	CSC CCEC CCL CAA
	B3.8. Descubrir as manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de internet e presentándoa adecuadamente.	HMCB3.8.1. Establece as características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do Neoclasicismo e o Romanticismo a partir de fontes gráficas.	CSC CCEC CCL CAA

UD2_REVOLUCIÓNS LIBERAIS E NACIONALISMOS

Os acontecementos que se estudan na presente unidade son capitais para comprender as orixes do mundo contemporáneo, pois coas revolucións norteamericana e francesa comezou a deconstrución do Antigo Réxime. O ciclo revolucionario desencadeado na Francia de 1789 inicia un período fundamental para a consolidación do liberalismo. Dende 1820 prodúcese en Europa unha revolución en tres actos (1820, 1830 e 1848), tras os cales emerxen algúns dos motores ideolóxicos da segunda metade do século XIX e boa parte do XX: nacionalismo, socialismo e comunismo. O continente dispoñeráse entón a encarar procesos de construción nacional, que culminarán coa xénese de novos Estados como Italia e Alemaña.

Obxectivos didácticos

1. Describir as causas e o desenvolvemento da Independencia dos Estados Unidos establecendo as causas máis inmediatas e as etapas de independencia.
2. Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a primeira metade do século XIX distinguindo os feitos, personaxes e símbolos e encadrándoos en cada unha das variables analizadas.
3. Explicar as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Francesa a partir de información obtida a través de varias fontes.
4. Situar cronoloxicamente os personaxes e acontecementos máis significativos da Revolución Francesa.
5. Identificar o Imperio Napoleónico localizando a súa expansión europea e establecendo as súas consecuencias.
6. Analizar a transcendencia que tivo para Europa o Congreso de Viena e a restauración do absolutismo identificando as súas consecuencias para os diversos países implicados.
7. Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, relacionando as súas causas e desenvolvemento.
8. Coñecer o proceso de unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas.
9. Situar no espazo e no tempo os procesos nacionais de Europa.
10. Describir as causas dos primeiros procesos de independencia das colonias españolas durante o século XIX.
11. Descubrir as manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de Internet e presentándoa adecuadamente.

UD2_ Revolucións liberais e nacionalismos			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias

A Revolución americana: independencia dos EE.UU. A Revolución Francesa. A revolución liberal española. A independencia das colonias hispano-americanas. A Europa da Restauración. O Congreso de Viena e a Santa Alianza.	B3.1. Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a primeira metade do século XIX, distinguindo os feitos, os personaxes e os símbolos, e encadrándoos en cada variable analizada.	HMCB3.1.1. Realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX.	CSC CAA CMCCT
	B3.2. Describir as causas e o desenvolvemento da independencia de Estados Unidos, e establecer as causas máis inmediatas e as etapas da independencia.	HMCB3.2.1. Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.	CSC CCL CAA
	B3.3. Explicar, a partir de información obtida en internet, a Revolución Francesa de 1789, incluíndo cada idea obtida nas causas, no desenvolvemento e nas consecuencias.	HMCB3.3.1. Explica as causas da Revolución Francesa de 1789.	CSC CCL
		HMCB3.3.2. Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa.	CSC CCL CAA
	B3.4. Identificar o Imperio Napoleónico, localizar a súa expansión europea e establecer as súas consecuencias.	HMCB3.4.1. Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.	CSC CAA CD
	B3.5. Analizar a transcendencia para Europa do Congreso de Viena e a restauración do absolutismo, e identificar as súas consecuencias para os países implicados.	HMCB3.5.1. Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónaaas coas súas consecuencias.	CSC CCL CAA
	B3.6. Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, e relacionar as súas causas e o seu desenvolvemento.	HMCB3.6.1. Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848.	CSC CCL
	B3.7. Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas.	HMCB3.7.1. Describe e explica a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas.	CSC CCL CD

	B3.8. Descubrir as manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de internet e presentándoa adecuadamente.	HMCB3.8.1. Establece as características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do Neoclasicismo e o Romanticismo a partir de fontes gráficas.	CSC CCEC CCL CAA
	B3.9. Analizar utilizando fontes gráficas a independencia de Hispanoamérica.	HMCB3.9.1. Realiza un friso cronolóxico explicativo da independencia das colonias hispanoamericanas ao comezo do século XIX.	CSC CMCCT CAA

UD3_AS REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E AS SÚAS CONSECUCENCIAS

Os séculos XVIII e XIX asistiron a grandes cambios nos campos da política, a sociedade e a cultura, mais sen dúbida ningunha, as transformacións económicas operadas no seo da Revolución Industrial modificaron substancialmente as antigas estruturas, e contribuíron en boa medida a cimentar o mundo tal e como o coñecemos hoxe en día.

Os cambios acaecidos durante a segunda metade do século XIX deron lugar á Segunda Revolución Industrial: novas materias primas, novas industrias e sobre todo novas potencias industriais construíron os alicerces dos inicios dunha economía mundializada e complexa.

Obxectivos didácticos

- 1.Describir a Primeira Revolución Industrial, establecendo os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais.
2. Obter información que permita explicar as Revolucións Industriais do século XIX, seleccionándoa a partir de fontes bibliográficas e dixitais.
3. Identificar os cambios nos transportes, agricultura e poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX.
4. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizándoos adecuadamente e establecendo as rexións onde se produce ese avance.
5. Utilizar os conceptos económicos con precisión, inseríndoos no contexto adecuado.

6. Describir as características da Segunda Revolución Industrial, incidindo en aspectos como as fontes de enerxía, as industrias e os transportes.
7. Analizar o desenvolvemento económico das novas potencias industriais.
8. Describir o desenvolvemento e as características das cidades industriais durante o século XIX.
9. Caracterizar as formas de vida da burguesía e a clase obreira durante o século XIX.
10. Comprender as orixes e o desenvolvemento do movemento obreiro organizado.
11. Identificar as características do socialismo utópico, o marxismo e o anarquismo.
12. Explicar a orixe, protagonistas e características das internacionais obreiras.

UD3_AS REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E AS SÚAS CONSECUCENCIAS			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
A Revolución industrial: concepto e factores que a fan posible.	B2.1. Obter información que permita explicar as revolucións industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible.	HMCB2.1.1. Identifica as causas da primeira Revolución Industrial.	CSC CAA CCL
A Primeira Revolución Industrial: características xerais e sectores industriais.	B2.2. Describir as Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais	HMCB2.2.1. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial.	CSC CAA CCL
A difusión da industrialización a Europa continental.		HMCB2.2.2. Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais.	CSC CAA CCL
A Segunda Revolución Industrial.	B2.3. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localízalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce ese avance.	HMCB2.3.1. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais.	CSC CAA CD
A economía industrial: liberalismo económico e capitalismo.		HMCB2.3.2. Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas.	CSC CAA CCL CMCCT
O nacemento da sociedade de clases.			
A organización da clase obreira.		HMCB2.3.3. Debate en torno ao éxito ou o fracaso da industrialización en España e en Galicia.	CSC CAA
A expansión do movemento obreiro.			
A arte da segunda metade do século XIX.			

	B2.4. Identificar os cambios nos transportes, na agricultura e na poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX.	HMCB2.4.1. Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial.	CSC CAA CSIEE
		HMCB2.4.2. Describe a partir dun plano a cidade industrial británica.	CSC CAA CCL
		HMCB2.4.3. Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.	CSC CAA CCL CD
		HMCB2.4.4. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles.	CSC CCL CD
	B2.5. Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico.	HMCB2.5.1. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas.	CSC CAA CCL
	B2.6. Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación da clase obreira do século XIX.	HMCB2.6.1. Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.	CSC CAA CCL
		HMCB2.6.2. Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro.	CSC CCL
	B4.1. Describir as transformacións e os conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX, e distinguir o seu desenvolvemento e os factores desencadeadores.	HMCB4.1.1. Realiza un diagrama en que se expliquen as cadeas causais e os procesos dentro do período de finais do século XIX e comezos do XX.	CSC CAA

A segunda metade do XIX caracterízase pola carreira imperialista e a ocupación de vastos territorios en África e Asia. Trátase, polo tanto, dunha unidade fundamental para comprender tanto a actual globalización, coma a evolución de moitos estados dos devanditos continentes.

Obxectivos didácticos

1. Explicar as causas do imperialismo do século XIX, analizando as súas etapas e modalidades de colonización.
2. Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX.
3. Valorar criticamente as consecuencias do imperialismo, tanto nos países colonizados coma nos colonizadores.

UD4_ A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO				
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias	
As grandes potencias europeas.	B4.1. Describir as transformacións e os conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX, e distinguir o seu desenvolvemento e os factores desencadeadores.	HMCB4.1.1. Realiza un diagrama en que se expliquen as cadeas causais e os procesos dentro do período de finais do século XIX e comezos do XX.	CSC CAA	
As potencias emerxentes.				
A expansión colonial dos países industriais.				
Tensións internacionais derivadas do imperialismo.	B4.2. Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e os Estados Unidos a finais do século XIX, e presentar información que explique tales feitos.	HMCB4.2.1. Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, o Imperio Austrohúngaro, Rusia, os Estados Unidos e Xapón.	CSC CMCCT CAA	
		HMCB4.2.2. Explica a partir de imaxes as características que permiten identificar a Inglaterra vitoriana.		CSC CAA CCL CD
		HMCB4.2.3. Analiza textos relativos á época de Napoleón III en Francia.		CSC CAA CCL

		HMCB4.2.4. Identifica e explica razoadamente os feitos que converten Alemaña nunha potencia europea durante o mandato de Bismarck.	CSC CAA CCL
	B4.3. Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, e establecer as súas consecuencias.	HMCB4.3.1. Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX.	CSC CAA CCL
		HMCB4.3.2. Localiza nun mapamundi as colonias das potencias imperialistas.	CSC CD CAA
		HMCB4.3.3. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	CSC CAA CCL

UD5_ A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL E A REVOLUCIÓN RUSA

Os acontecementos que se abordan nesta unidade son capitais para comprender as orixes do século XX, pois a Gran Guerra liquidou a diplomacia desenvolvida durante o último terzo do século XIX e levou por diante algúns dos imperios máis importantes do continente europeo. Inaugurou á súa vez o convulso período de entreguerras, influíu notablemente no proceso revolucionario ruso e fixo que arraigase a contraposición de intereses que desembocaría na Segunda Guerra Mundial.

A Revolución Rusa sorprendeu o mundo enteiro, rematou co imperio secular dos tsares e inaugurou un novo réxime político, sen precedentes históricos, que constituíu un modelo para o movemento obreiro de moitos países. O soño de Marx, a construción dun Estado socialista, fixérase realidade. Pero non nun país industrial do centro de Europa, como era máis previsible, senón no extremo oriental do continente, nun inmenso territorio dominado aínda pola autocracia, o atraso económico e o sometemento do campesiñado.

Obxectivos didácticos

1. Comparar sinteticamente os distintos sistemas de alianzas do período da Paz Armada.
2. Distinguir os acontecementos que conducen á Primeira Guerra Mundial, facendo fincapé nas súas causas inmediatas.
3. Describir as etapas da guerra, incidindo nas novidades do conflito.
4. Analizar as consecuencias da Primeira Guerra Mundial, poñendo énfase nos diferentes tratados de paz.
5. Analizar as causas políticas, económicas e sociais que explican o estalido da Revolución Rusa e o triunfo dos bolxeviques liderados por Lenin.
6. Distinguir a importancia dos acontecementos fundamentais do proceso revolucionario e o papel desempeñado polos dirixentes políticos.
7. Describir os acontecementos que levan desde a entrada de Rusia na Primeira Guerra Mundial ata a formación da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas.
8. Comprender as características políticas dun réxime totalitario como o imposto por Stalin e as bases do sistema económico comunista implantado desde o Estado soviético.
9. Analizar fontes primarias e secundarias (textos, imaxes e vídeos) para extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.
10. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico de finais do século XIX e comezos do XX.

UD5_ A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL E A REVOLUCIÓN RUSA			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
Relacións internacionais a principios do s.XX: Paz Armada e carreira de armamentos.	B4.4. Comparar sinteticamente os sistemas de alianzas do período da Paz Armada.	HMCB4.4.1. Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.	CSC CCL
Causas da guerra. A Gran Guerra: 1914-1918.	B4.5. Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da I Guerra Mundial, e desenvolver as súas etapas e as súas consecuencias.	HMCB4.5.1. Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial.	CSC CAA CCL
Consecuencias da I Guerra Mundial.		HMCB4.5.2. Comenta símbolos conmemorativos vinculados á I Guerra Mundial.	CSC CCL
Os tratados de paz.		HMCB4.5.3. Analiza e explica as etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos.	CSC CAA CCL
A Sociedade de Nacións.			CD
Os problemas da posguerra en			

Europa.		HMCB4.5.4. Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial.	CSC CAA CCL
A Rusia tsarista a comezos do s. XX.			
Antecedentes da revolución rusa.	B5.3. Identificar os tratados de paz da I Guerra Mundial e establecer como unha consecuencia o xurdimento da Sociedade de Nacións.	HMCB5.3.1. Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo.	CSC CCL CAA
As revolucións de 1917.			
A loita pola revolución: guerra civil, comunismo de guerra e NEP .		HMCB5.3.2. Analiza o papel que xoga a Sociedade de Nacións nas relacións internacionais, a partir de fontes históricas.	CSC CCL
O impacto internacional da revolución.			
A creación da URSS.	B5.2. Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas máis significativos, e establecer as súas consecuencias.	HMCB5.2.1. Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917.	CSC CCL
A loita polo poder.			
A ditadura stalinista.		HMCB5.2.2. Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917.	CSC CAA CCL

UD6_ OS FELICES ANOS 20 E A GRAN DEPRESIÓN (1918-1939). SOCIEDADE DE MASAS

Nesta unidade abórdase a evolución da economía mundial nos anos vinte e trinta do século XX, un aspecto chave para entender a relación entre as consecuencias sociais da crise económica, o ascenso dos fascismos e totalitarismos e o estalido posterior da Segunda Guerra Mundial. Estados Unidos é o país protagonista da unidade, convertido na primeira potencia mundial despois da Gran Guerra e os seus efectos devastadores sobre o continente europeo. O estudo das causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Gran Depresión permite coñecer de perto a crise económica máis profunda na historia.

Obxectivos didácticos

1. Distinguir os factores que provocan a expansión económica dos anos vinte do século XX e a recesión que se estende, por todo o mundo, a partir de 1929.
2. Explicar o proceso da crise económica que se inicia na Bolsa de Nova York en outubro de 1929.
3. Describir as consecuencias sociais e políticas da Gran Depresión e as saídas adoptadas polos EE.UU. e os principais países europeos.

4. Utilizar con rigor os conceptos económicos.
5. Emitir xuízos sobre as consecuencias da crise dos anos trinta.
6. Analizar fontes primarias e secundarias (textos, imaxes, vídeos) para extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.
7. Interpretar gráficos e datos estatísticos relacionados coa economía da época.

UD6_ OS FELICES ANOS 20 E A GRAN DEPRESIÓN (1918-1939). SOCIEDADE DE MASAS			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
Os anos 20. A crise de 1929. A Gran Depresión dos anos 30. As consecuencias.	B5.1. Recoñecer as características do período de Entreguerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos, sociais ou culturais.	HMCB5.1.1. Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX.	CSC CCL
As respostas á crise. O <i>New Deal</i> . A sociedade de masas.	B5.4. Explicar a Gran Depresión e describir os factores desencadeadores e as súas influencias na vida cotiá.	HMCB5.4.1. Interpreta imaxes da Gran Depresión.	CSC CCL CAA CD
Arte a comezos do século XX.		HMCB5.4.2. Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929.	CSC CCL CMCCT

UD 7_ OS TOTALITARISMOS FASCISTAS E A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

A análise da época comprendida entre o final da Gran Guerra e o comezo da Segunda Guerra Mundial resulta crucial para comprender a barbarie, a violencia masiva e o terror totalitario que ensombreceron a historia do século XX. En poucos anos a democracia parlamentaria, que parecía triunfar como unha das consecuencias máis claras da Primeira Guerra Mundial, foi acantoada e desprazada por réximes autoritarios e totalitarios que obtiveron un notable apoio da poboación. Ofrecían unha saída á crise da posguerra e aos problemas derivados da Gran Depresión de 1929.

A historia do século XX tampouco se pode comprender sen coñecer de perto o maior e máis cruento dos conflitos bélicos coñecidos no mundo. A contenda, que empezou na fronteira de Alemaña con

Polonia, en 1939, e rematou coa rendición do Xapón, en 1945, deixou un saldo de sesenta millóns de mortos. Entre eles, as vítimas provocadas polo Holocausto do pobo xudeu, o asasinato de ciganos, de presos políticos..., nos campos de concentración nazis, un feito sen precedentes que debe ser contado e explicado a cada xeración. A guerra cambiou o mapa de Europa e do mundo e marcou a política internacional durante o resto do século.

Obxectivos didácticos

1. Coñecer o contexto histórico que permitiu a aparición dos réximes fascistas e os factores que os facilitaron.
2. Describir o desenvolvemento dos réximes fascistas de Italia e Alemaña, as súas similitudes e as súas diferenzas.
3. Sinalar as diferenzas entre as democracias e os réximes ditatoriais.
4. Explicar as causas que desencadearon a Segunda Guerra Mundial e o seu desenvolvemento inicial.
5. Describir as etapas da guerra, incidindo nos acontecementos máis relevantes que explican o triunfo inicial das potencias do Eixe e a evolución da contenda ata a súa derrota total.
6. Comprender as repercusións políticas, sociais e económicas da Segunda Guerra Mundial na sociedade civil.
7. Analizar as consecuencias políticas e territoriais da Segunda Guerra Mundial e explicar a orixe e desenvolvemento da ONU.
8. Analizar fontes de información, primarias e secundarias (textos, imaxes, vídeos, estatísticas e mapas) para extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.
9. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico do primeiro terzo do século XX.
10. Desenvolver a sensibilidade e o sentido de responsabilidade en relación cos enfrontamentos bélicos e o sufrimento das vítimas civís.

UD 7_OS TOTALITARISMOS FASCISTAS E A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
A crise das democracias na Europa de entreguerras.	B5.5. Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que	HMCB5.5.1. Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán.	CSC CCL

Bases dos sistemas totalitarios fascistas.	conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento.	HMCB5.5.2. Distingue símbolos dos fascismos europeos da primeira metade do século XX.	CSC
O fascismo italiano: modelo dos demais fascismos.	B5.6. Comprender as relacións internacionais no período de entreguerras como elementos importantes das causas da II Guerra Mundial.	HMCB5.5.3. Analiza a partir de fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estoupido da II Guerra Mundial.	CSC CAA CCL
A Alemaña nazi.	B5.7. Identificar e explicar as desencadeadores da II Guerra Mundial, así como os feitos máis característicos.	HMCB5.7.1. Identifica e explica as causas desencadeadores da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas.	CSC CAA CCL
Relacións internacionais do período de entreguerras.	B5.8. Establecer as etapas do desenvolvemento da II Guerra Mundial, distinguindo as que afectaron a Europa e as que afectaron aos Estados Unidos e a Xapón.	HMCB5.8.1. Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea como na guerra do Pacífico.	CSC CAA CCL
Viraxes cara a guerra.	B5.9. Analizar o papel da guerra mundial como elemento de transformación da vida cotiá.	HMCB5.8.2. Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos.	CSC CAA CCL
Características xerais do conflito.	B5.10. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.	HMCB5.9.1. Describe as consecuencias da II Guerra Mundial.	CSC CAA CCL
Desenvolvemento da II Guerra Mundial.	B5.11. Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa á posguerra.	HMCB5.10.1. Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña nazi.	CSC CAA CD
A orde nazi na Europa ocupada.		HMCB5.10.2. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.	CSC CAA CCL
Consecuencias da guerra.		HMCB5.11.1. Sintetiza textos que explican a intervención da ONU nas relacións internacionais e nos asuntos de descolonización.	CSC CCL CAA
Organización da paz e creación da ONU.			

A historia do mundo na segunda metade do século XX está marcada por unha liña de forza, o antagonismo, a tensión e o enfrontamento indirecto entre as dúas grandes superpotencias vencedoras da Segunda Guerra Mundial: os Estados Unidos de Norteamérica e a Unión Soviética. En efecto, entre os acordos de paz de 1945 e os acontecementos de 1989-1991, que supuxeron a desintegración do bloque soviético, o mundo viviu dominado por unha dinámica bipolar marcada por unha ameaza sempre latente: a posibilidade dun enfrontamento nuclear capaz de destruír o planeta.

Obxectivos didácticos

1. Explicar as causas do enfrontamento entre os dous bloques da Guerra Fría.
2. Relacionar os conflitos locais do período da Guerra Fría coa evolución interna dos países implicados.
3. Explicar os modelos políticos, sociais e económicos dos dous bloques enfrontados.
4. Desenvolver a sensibilidade e o sentido de responsabilidade en relación cos enfrontamentos bélicos.
5. Analizar fontes primarias e secundarias (textos, imaxes e vídeos) para extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.
6. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico da segunda metade do século XX.

UD8_GUERRA FRÍA E DISTENSIÓN			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
Bipolarización e focos de tensión.	B6.1. Describir os feitos políticos, económicos, sociais e culturais que explican o xurdimento dos dous bloques antagónicos, clasificándoo e presentándoo adecuadamente.	HMCB6.1.1. Localiza nun mapa os países que formaban os bloques comunista e capitalista.	CSC CD
A Guerra Fría (1947-1958). Os inicios da distensión (1958-1975): a coexistencia pacífica.	B6.2. Interpretar a Guerra Fría, a coexistencia pacífica e a distensión, e as súas consecuencias, e establecer acontecementos que exemplifiquen cada unha destas etapas das relacións internacionais.	HMCB6.2.1. Identifica e explica os conflitos da Guerra Fría a partir dun mapa histórico.	CSC CAA CCL CD

	B6.3. Distinguir feitos que explican o enfrontamento entre os bloques comunista e capitalista, revisando as novas dos medios de comunicación da época.	HMCB6.3.1. Selecciona símbolos e imaxes que se identifiquen co mundo capitalista e o mundo comunista.	CSC
		HMCB6.3.2. Extrae conclusións dos textos, imaxes, mapas e gráficas que expliquen a evolución de ambos os bloques enfrontados na Guerra Fría, e sinala a que bloque pertence e algúns motivos que explican esa pertenza.	CSC CAA CCL CD CMCCT
	B6.4. Comparar e analizar o modelo capitalista co comunista desde os puntos de vista político, social, económico e cultural, e exemplificar coa selección de feitos que durante este período afectan as dúas grandes superpotencias: a URSS e os Estados Unidos.	HMCB6.4.1. Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas.	CSC CCL CMCCT
		HMCB6.4.2. Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficos.	CSC CCL CMCCT
		HMCB6.4.3. Establece razoadamente e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o comunista.	CSC CAA CCL
		HMCB6.4.4. Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista.	CSC CCL

UD9_ O MUNDO CAPITALISTA

Desde o remate da II Guerra Mundial e até 1991, o mundo estivo dividido en dous bloque enfrontados e dirixidos polas dúas superpotencias. O seu triunfo na guerra permitiu que EE.UU. e a URSS xogasen o papel de organizadores e controladores das súas respectivas áreas de influencia. No bloque occidental, tanto en Europa como en Xapón, os réximes fascistas e militaristas son abolidos e as estruturas políticas democráticas, baseadas na participación cidadá, a defensa das liberdades individuais e o troco pacífico dos gobernos, constitúen a base do sistema. Porén, o

enfrentamento co comunismo, característico da Guerra Fría, fixo que se tolerase a existencia de ditaduras militares en numerosos Estados (Portugal, Estado español, Latinoamérica...), ante o temor de que se impuxesen réximes socialistas.

O marco do desenvolvemento económico occidental foi o capitalismo, baseado na liberdade de mercado e na intervención reguladora do Estado, o que permitiu ás sociedades máis avanzadas alcanzar un elevado grao de benestar.

Obxectivos didácticos

1. Explicar a evolución do bloque capitalista.
2. Analizar fontes primarias e secundarias (textos, imaxes e vídeos) para extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.
3. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico da segunda metade do século XX.

UD9_O MUNDO CAPITALISTA			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
Esplendor do capitalismo e crise. O Estado do Benestar.	B9.1. Distinguir os postulados que defende a cultura capitalista da segunda metade do século XX establecendo as liñas de pensamento e os logros obtidos.	HMCB9.1.1. Enumera as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do século XX.	CSC CCL
A supremacía dos EE.UU. (60-90).		HMCB9.1.2. Explica o modelo capitalista dun país elaborando información a partir dunha procura guiada en internet	CSC CAA CCL
A construción da UE. Obxectivos e institucións.	B9.2. Describir o Estado do benestar, aludindo ás características significativas que inflúen na vida cotiá.	HMCB9.2.1. Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do benestar.	CSC CCL
Xapón e os novos países asiáticos industrializados.			
Os movementos de protesta.	B9.3. Explicar o proceso de construción da Unión Europea enumerando os fitos máis destacados que configuran a súa evolución.	HMCB9.3.1. Elabora eixes cronolóxicos sobre o proceso de construción da Unión Europea.	CSC CMCCT
Cultura e arte da segunda metade do S.XX.			

	B9.4. Coñecer os obxectivos da Unión Europea en relación coas institucións que compoñen a súa estrutura.	HMCB9.4.1. Relaciona razoadamente as institucións da Unión Europea cos obxectivos que esta persegue.	CSC CCL
	B9.5. Describir a evolución política, social e económica dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90 do século XX, sintetizando os aspectos que explican a transformación da sociedade norteamericana e que constitúen elementos orixinarios do Estado do benestar.	HMCB9.5.1. Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90.	CSC CMCCT
		HMCB9.5.2. Selecciona e presenta mediante mapas ou redes conceptuais información referida aos Estados Unidos entre 1960 e 2000.	CSC CD CAA
	B9.6. Identificar as singularidades do capitalismo de Xapón e os novos países industriais asiáticos, establecendo trazos de carácter político, económico, social e cultural.	HMCB9.6.1. Establece razoadamente as características e os símbolos que explican aspectos singulares do capitalismo de Xapón e a área do Pacífico.	CSC CAA CCL

UD10_A CRISE DO BLOQUE COMUNISTA

Fronte ao bloque occidental e capitalista encabezado polos EE.UU., consolídase e amplíase o bloque comunista, dirixido pola URSS, coa formación das democracias populares no leste de Europa e en Asia. Os réximes socialistas das democracias populares evoluíron cara un estancamento social e político, no que as protestas foron duramente reprimidas, como aconteceu en Hungría, Checoslovaquia e Polonia. Así mesmo, a unidade inicial do bloque rompeuse co desenvolvemento de experiencias novas en China (maoísmo) e Iugoslavia. No terreo económico, pódense distinguir nestes réximes dous períodos ben diferenciados: un de crecemento no marco dunha economía planificada similar á soviética, e outro de crise ao longo da década dos 80. As dificultades económicas e o descontento popular propiciaron a descomposición do sistema, que culminou coa caída do simbólico muro de Berlín en 1989 e a desaparición da URSS en 1991. O fracaso do socialismo real deu paso, con

excepcións, a unha progresiva e xeralizada adopción da democracia liberal e do sistema capitalista.

Obxectivos didácticos

1. Explicar o modelos políticos, social e económicos do bloque comunista.
2. Explicar a crise e caída do bloque comunista.
3. Analizar fontes primarias e secundarias (textos, imaxes e vídeos) para extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.
4. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico da segunda metade do século XX.

UD10_A CRISE DO BLOQUE COMUNISTA			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
A URSS e as democracias populares. Crise e desaparición da URSS. A democratización da Europa do Leste. A desintegración da Iugoslavia.	B8.1. Describir a situación da URSS a finais do século XX, establecendo os seus trazos máis significativos desde unha perspectiva política, social e económica.	HMCB8.1.1. Localiza nun mapa as repúblicas exsoviéticas e os países formados tras a caída do muro de Berlín.	CSC CD
		HMCB8.1.2. Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS, a formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas.	CSC CMCCT
		HMCB8.1.3. Compara os países dos Balcáns desde os anos 80 ata a actualidade, utilizando mapas de situación.	CSC CAA CD CCL
	B8.2. Resumir as políticas de M. Gorbachov nomeando as disposicións concernentes á Perestroika e á Glasnost, e resaltar as súas influencias.	HMCB8.2.1. Describe os trazos políticos e socioeconómicos da URSS desde a época de Breznev ata a de Gorbachov.	CSC CCL
	B8.3. Analizar a situación creada co xurdimento da CEI e as repúblicas exsoviéticas, recollendo informacións que resuman as novas circunstancias políticas e económicas.	HMCB8.3.1. Elabora un cadro sinóptico sobre a situación política e económica das repúblicas exsoviéticas e a CEI-Federación Rusa.	CSC CAA CMCCT
	B8.4. Explicar a caída do muro de Berlín e nomear as súas repercusións nos países	HMCB8.4.1. Analiza imaxes que reflicten a caída do muro de Berlín.	CSC CCL

	de Europa central e oriental.	HMCB8.4.2. Explica as novas relacións das repúblicas exsoviéticas con Europa occidental.	CSC CCL
		HMCB8.4.3. Realiza unha procura guiada en internet para explicar de maneira razoada a disolución do bloque comunista.	CSC CAA CCL
	B8.5. Identificar o problema dos Balcáns, enumerar as causas do xurdimento de tal situación e resumir os feitos que configuran o desenvolvemento de conflitos nesta zona.	B8.5. Identificar o problema dos Balcáns, enumerar as causas do xurdimento de tal situación e resumir os feitos que configuran o desenvolvemento de conflitos nesta zona.	CSC CAA CCL
		HMCB8.5.2. Describe e analiza as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da guerra dos Balcáns, nomeadamente en Iugoslavia	CSC CCL

UD11_DESCOLONIZACIÓN E TERCEIRO MUNDO

Para comprender o mapa político do mundo na segunda metade do século XX hai que abordar o estudo da descolonización, un longo e complexo proceso histórico que empezou en 1945, despois do fin da Segunda Guerra Mundial e o xurdimento da ONU, e que se pode dar practicamente por rematado tres décadas máis tarde, ao redor de 1975. O escenario xeográfico dese proceso céntrase en dous continentes, Asia e África, onde xurdiron decenas de Estados novos a partir das fronteiras anteriores dos imperios coloniais europeos. Nuns casos a independencia foi o resultado de pactos, acordos e negociacións pacíficas entre os movementos nacionalistas e as metrópoles.

Pero a historia da descolonización está sementada tamén de longos e cruentos enfrontamentos bélicos, de guerras abertas entre Estados e de encarnizados conflitos civís que asolaron moitos países, golpeados tamén pola pobreza e o subdesenvolvemento.

Obxectivos didácticos

1. Explicar o proceso da descolonización e aparición do Terceiro Mundo.
2. Describir os procesos de independencia no Sur e o Sueste de Asia.
3. Comprender o proceso histórico de crecemento e expansión das dúas grandes potencias de Extremo Oriente: China e Xapón.
4. Explicar o final dos imperios coloniais en África e os problemas da descolonización do continente.
5. Describir o proceso de descolonización dos países islámicos.
6. Analizar fontes primarias e secundarias (textos, imaxes e vídeos) para extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.
7. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico da segunda metade do século XX.

UD11_DESCOLONIZACIÓN E TERCEIRO MUNDO			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
O proceso de descolonización.	B7.1. Explicar os motivos e os feitos que conducen á descolonización, e establecer as causas e os factores que explican o proceso.	HMCB7.1.1. Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos.	CSC CCL CD
A descolonización de Asia.	B7.2. Describir as etapas e as consecuencias do proceso descolonizador, e identificar as que afectan a unhas colonias e a outras, establecendo feitos e personaxes significativos de cada proceso.	HMCB7.2.1. Establece de xeito razoado as causas, os feitos e os factores que desencadean e explican o proceso descolonización.	CSC CCL CAA
Os conflitos en Oriente Próximo.		HMCB7.2.2. Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África.	CSC CCL
A descolonización de África.	B7.3. Definir o papel da ONU na descolonización, analizando información que demostre as súas actuacións.	HMCB7.3.1. Explica as actuacións da ONU no proceso descolonizador a partir de fontes históricas.	CSC CCL
O Movemento de Países Non Aliñados.			
O Terceiro Mundo. Relacións entre mundo desenvolvido e non desenvolvido.	B7.4. Analizar o subdesenvolvemento do terceiro mundo e establecer as causas que o explican.	HMCB7.4.1. Analiza as características dos países do terceiro mundo a partir de gráficas.	CSC CCL CMCCT

		HMCB7.4.2. Localiza nun mapa os países do terceiro mundo.	CSC CD
		HMCB7.4.3. Analiza textos e imaxes do Movemento de Países Non Aliñados e dos países subdesenvolvidos.	CSC CCL
	B7.5. Apreciar o nacemento da axuda internacional e o xurdimento das relacións entre os países desenvolvidos e subdesenvolvidos, reproducindo as formas de axuda ao desenvolvemento e describindo as formas de neocolonialismo dentro da política de bloques.	HMCB7.5.1. Explica a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista.	CSC CCL CAA

UD12_ENTRE DOUS MILENIOS

Esta unidade aborda o estudo dos acontecementos históricos que definen o mundo actual e permiten coñecer os problemas, os conflitos e os retos que se lles presentan ás sociedades actuais nos primeiros anos do século XXI. O mundo do terceiro milenio experimentou un rápido e profundo proceso de globalización impulsado pola revolución tecnolóxica. Vivimos uns anos de cambios económicos e tamén de grandes transformacións culturais que variaron as condicións de vida dos homes e as mulleres que habitan moitos lugares do planeta. Unha época ensombrecida por conflitos bélicos e ameazas terroristas, cun aumento alarmante da desigualdade entre os países ricos e os pobres, con tantas posibilidades como riscos e incertezas.

Obxectivos didácticos

1. Coñecer os principais acontecementos, cambios e transformacións que definen o noso mundo actual.
2. Enumerar as características que definen o fenómeno da globalización, as súas vantaxes e os seus aspectos máis criticados.
3. Analizar os enfrontamentos bélicos, as guerras civís e as ameazas terroristas máis importantes desde o inicio do terceiro milenio.
4. Analizar as orixes, os obxectivos e os primeiros pasos da Unión Europea.
5. Distinguir as fases de ampliación da Unión Europea facendo fincapé nos diferentes

tratados que foron modificando a organización.

6. Describir as principais institucións da Unión Europea e comprender o seu funcionamento.

7. Coñecer os problemas e retos principais que se lle presentan á Unión Europea no século XXI.

8. Analizar o sistema de relacións internacionais existente no mundo desde a caída do comunismo, en 1991.

9. Valorar os problemas da consolidación e extensión dos sistemas democráticos e a defensa dos Dereitos Humanos.

10. Analizar a historia de América Latina ao longo do século XX relacionando a inestabilidade política cos problemas para o desenvolvemento económico e os conflitos sociais.

10. Analizar fontes primarias e secundarias (textos, imaxes e vídeos) para extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.

11. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico de finais do século XX e comezos do XXI.

UD12_ENTRE DOUS MILENIOS			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
	B10.1. Analizar as características da globalización e describir a influencia dos medios de comunicación neste fenómeno, así como o impacto dos medios científicos e tecnolóxicos na sociedade actual.	HMCB10.1.1. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	CSC CD CCL CAA
		HMCB10.1.2. Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas.	CSC CD CCL CSIEE
		HMCB10.1.3. Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual.	CSC CD CCL

A globalización.	B10.2. Describir os efectos da ameaza terrorista (yihadismo, etc.) sobre a vida cotiá, e explicar as súas características.	HMCB10.2.1. Realiza unha procura guiada en internet sobre a ameaza terrorista, organizacións que a sustentan, actos máis relevantes (11-S de Nova York, 11-M de Madrid 7-X de Londres, etc.), os seus símbolos e as repercusións na sociedade (ciudadanía ameazada, asociacións de vítimas, mediación en conflitos, etc.), e analiza e comunica a información máis relevante.	CSC CD CCL CAA
EE.UU no século XXI.	B10.3. Resumir os retos da Unión Europea no mundo actual, identificando os seus problemas para amosarse como zona	HMCB10.3.1. Identifica os retos actuais da Unión Europea a partir de novas xornalísticas seleccionadas.	CSC CCL CAA
Cara a unidade europea.	xeopolítica unida fronte a outras áreas.	HMCB10.3.2. Explica comparativamente os desaxustes da Unión Europea na relación con outros países ou áreas xeopolíticas.	CSC CCL CAA
A transformación do mundo islámico.			
América Latina na actualidade.			
África, o continente esquecido.	B10.4. Enumerar os trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI identificando a transcendencia dos atentados do 11-S e explicando as transformacións e o impacto ocasionado a este país.	HMCB10.4.1. Elabora mapas conceptuais sobre os trazos da sociedade norteamericana, agrupados en política, sociedade, economía e cultura.	CSC CD CCL CAA
Asia, o continente emerxente.			
	B10.5. Analizar a evolución política, económica, social e cultural de Hispanoamérica.	HMCB10.5.1. Describe os principais movementos políticos, económicos, sociais e culturais da Hispanoamérica actual.	CSC CCL CAA
	B10.6. Describir a evolución do mundo islámico na actualidade, resumindo os seus trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais.	HMCB10.6.1. Enumera e explica os trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais do mundo islámico, e localiza nun mapa os países que o forman na actualidade.	CSC CD CCL CAA
	B10.7. Distinguir a evolución dos países de África relacionando as súas zonas xeoestratéxicas.	HMCB10.7.1. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre os principais países do continente africano.	CSC CCL CAA

	B10.8. Resumir a evolución de China e a India desde finais do século XX ao século XXI, seleccionando trazos políticos, económicos, sociais e de mentalidades	HMCB10.8.1. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais de China e a India.	CSC CCL CAA
		HMCB10.8.2. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre países emerxentes de Asia e África.	CSC CCL CAA

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas. No caso da presente programación, tense en conta o feito de estarmos nunha oferta educativa a distancia, o que implica facer algún tipo de adaptación.

As cuestións de actualidade preséntanse tendo en conta os seus antecedentes históricos para poder analízalas desde unha perspectiva crítica cotexando información de diferente procedencia. Así, o conxunto de procedementos proposto constitúe un eficaz dispositivo práctico para a análise histórica e o desenvolvemento dun pensamento crítico.

Achégase un coñecemento conceptual e terminolóxico propio da ciencia histórica e sitúanse espacial e temporalmente os diferentes fenómenos e realidades do mundo contemporáneo.

Dende o punto de vista didáctico, tense en conta o coñecemento histórico adquirido ao longo da etapa de ESO e preséntase unha secuencia de actividades e procedementos de dificultade gradual.

As estratexias didácticas

Ao tratarse dunha materia impartida en Bacharelato a distancia, a metodoloxía ten que facilitar e promover o traballo autónomo do alumnado. Por iso, deben combinarse diferentes estratexias na aula virtual, non só as expositivas (temas), senón aquelas nas que os alumnos e as alumnas traballen con fontes de diverso formato (textos, gráficos, mapas, fotos ou audiovisuais) e que introduzan o alumnado na técnica básica da investigación histórica.

Así se contribuirá a que o alumnado desenvolva unha actitude crítica e responsábel. Tamén serán eficaces os debates a través do foro e as tarefas que fomenten a asunción de responsabilidades individuais no seu proceso de elaboración.

Para comprender e asimilar o estudado e traballado na aula virtual, propoñeranse actividades baseadas nos conceptos e o vocabulario que se traballasen e que deberán servir para procesar e interiorizar o coñecemento adquirido.

Os eixos cronolóxicos ou liñas do tempo son unha ferramenta fundamental para facilitar a comprensión da sucesión, simultaneidade e ritmos dos fenómenos históricos e a complexidade das explicacións multicausais.

Sempre que sexa posible, os contidos da materia poñeranse en relación coa actualidade para evidenciar a relación entre ambas as dúas, fundamental para comprender os feitos que acontecen no mundo en que vivimos.

As actividades didácticas

As actividades constitúen un dos eixos fundamentais do proceso de aprendizaxe xa que na súa realización o alumnado adquire un papel activo. A programación de actividades realizouse seguindo estes criterios:

- Que faciliten o desenvolvemento de capacidades relacionadas co espazo e o tempo, a análise de fontes, o tratamento da información e a formulación de problemas.
- Que proporcionen aprendizaxes referidas a conceptos, procedementos e actitudes.
- Que representen variedade en tipoloxía, procedencia e natureza das fontes históricas referidas, así como o grao de dificultade.
- Que manteñan reflexións sobre os antecedentes históricos de situacións actuais, facilitando a interpretación desde unha perspectiva histórica do presente.

Principais tipos de actividades:

- Actividades referidas á comprensión de contidos conceptuais e ao establecemento de relacións entre estes.
- Actividades de síntese de información.
- Actividades de reflexión sobre causas e consecuencias dos fenómenos históricos.
- Actividades de análise e interpretación de fontes históricas de diferentes natureza: textos, gráficos, obras de arte, mapas históricos, debuxos satíricos, esbozo de batallas, carteis propagandísticos, obras cinematográficas, obxectos, etc.
- Actividades de buscar e contraste de información.
- Actividades de produción de información histórica que poidan incluír a realización de eixos cronolóxicos, mapas conceptuais, mapas históricos, etc.
- As actividades do bacharelato a distancia deben favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo e para aplicar os métodos de investigación apropiados.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os alumnos e alumnas dispoñen dunha GUÍA que ademais de levar unha parte dedicada a metodoloxía, exercicios de autoavaliación, exercicios para enviar a titoría, preguntas mais frecuentes (FAQs), etc., leva incorporado un libro de texto coas súas correspondentes unidades didácticas. Devandita guía do alumnado é imprescindible usala xa que constitúe unha base esencial para o estudo e proceso de aprendizaxe.

Alén da Guía, o alumnado, para obter mais información sobre esta materia, debe utilizar os contidos de diversa índole que o profesor/a lle proporcionará ao longo do curso académico na paxina web do I.E.S. San Clemente, ou os que lle enviará por correo electrónico e ter en conta que dita información, ao igual que os contidos da guía, formará parte dos contidos esixidos nas distintas avaliacións.

MATERIAL COMPLEMENTARIO:

Ao alumnado que desexe consultar algún libro de texto recoméndanselle os Seguintes por orde de preferencia:

Fernández Ros, José Manuel, González Salcedo, Jesús e Ramírez Aledón, German. *Historia do Mundo Contemporáneo. 1ºBach.* Ed. Obradoiro Santillana.

ALFEIRÁN RODRÍGUEZ, Xosé e ROMERO MASIÁ, Ana. *Historia do Mundo Contemporáneo. 1ºBach. LOMCE.* A Coruña, Baía Edicións, 2016.

Tamén deberían ter: un diccionario de termos históricos, un atlas histórico, dicionarios de lingua galega e de termos históricos e artísticos, diccionario de lingua castelá,...

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA:

COOK, C. *Diccionario de termos históricos.* Madrid, Alianza, 1999.

RENOUVEN, P. *Historia de las relaciones internacionales.* Madrid, Akal, 1998 .

HOBBSAWM, E. *Historia del siglo XX.* Barcelona, Crítica, 1995.

NOUSCHI, M. *Historia del siglo XX.* Madrid, Cátedra, 1996.

FIGES, O. *La Revolución Rusa (1891-1924).* Barcelona, Edhasa, 2000.

ARENDT , H. *Los orígenes del totalitarismo.* Madrid, Taurus. 1998.

CAMERON, R. *Historia económica mundial.* Madrid, Alianza, 1998.

8. CRITERIOS DE AVALACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A maioría dos criterios de avaliación, xa están expresados en cada unha das unidades didácticas nos apartados 5 e 9, polo que remitimos a devanditas unidades, mais consideramos imprescindible engadir os seguintes:

- O alumnado de Historia do Mundo Contemporáneo debe ter un dominio do vocabulario específico desta materia.
- Un suficiente dominio da linguaxe escrita.
- Saber ler, interpretar, analizar e comentar documentos históricos e historiográficos (textos, mapas, gráficos, organigramas, estatísticas, fotografías, carteis de época, ilustracións humorísticas, xornais e documentos gráficos en xeral).
- Saber definir conceptos.
- Saber realizar correctamente a exposición escrita dun tema histórico correspondente á materia de Historia do Mundo Contemporáneo.
- Saber realizar unha análise e comentario dun acontecemento histórico do tempo pasado ou da actualidade.
- Utilizar para obter información desta materia non só o libro de texto contido na guía da materia de Historia do Mundo Contemporáneo senón tamén a proporcionada polo/a profesor/a na aula virtual do centro ou por correo electrónico.

No que se refire aos **criterios de cualificación e promoción** da materia, a devandita avaliación farase tendo en conta os resultados obtidos nos exames propios de cada trimestre (ou de xuño-setembro se fose preciso), e fixados a tal efecto pola Xefatura de Estudos.

Realizarase unha proba escrita por avaliación e un exame final en xuño. Aqueles alumnos que non acaden unha avaliación positiva en xuño serán examinados de toda a materia no mes de setembro.

No exame final de xuño, o alumnado examinarase das avaliacións non superadas durante o curso. Na proba de setembro terá que facelo de toda a materia.

Será posible superar o curso por avaliacións, cunha única avaliación suspensa, sempre que a nota desta non sexa inferior a un 4 e a suma das cualificacións obtidas nas 3 avaliacións do curso sexa 15 ou superior. Para superar a materia no exame final a nota mínima será de 5 puntos sobre 10. Na convocatoria de setembro, como xa se sinalou con anterioridade, o alumnado debera examinarse da materia completa.

En abril realizarase un exame de pendentes (marcado a tal efecto por xefatura de estudos), por avaliacións (recuperarase a, ou as, avaliacións correspondentes), destinado a todo o alumnado que teña a posibilidade de rematar nese momento o bacharelato (matriculadas/os de todas as materias precisas para obter o título). Esta medida busca, sobre todo, facilitar a realización do exame de selectividade en xuño. **Presentarse a este exame impide facelo ao final de xuño**, isto é así para manter a igualdade de oportunidades entre todo o alumnado.

As probas constarán de:

1- Unha parte práctica: Comentario dun ou varios documentos, que poderán ser textos históricos ou historiográficos, mapas históricos, gráficos, organigramas, índices estatísticos, documentos gráficos, etc.

2- Unha parte teórica : Definicións ou explicacións breves, cuestións mais ou menos amplas de teoría, exposición dun ou varios temas históricos.

As probas constaran de:

1 - Unha parte práctica: Comentario dun documento, que poderá ser un texto histórico ou historiográfico, un mapa histórico, un gráfico, un organigrama, un índice estatístico, un documento gráfico, etc. (ata 6 ptos.)

2 - Unha parte teórica : Definicións ou explicacións breves, cuestións mais ou menos amplas de teoría, exposición dun tema histórico. (ata 4 ptos.)

Na primeira avaliación o comentario do documento poderá ser dirixido con preguntas, nas seguintes avaliacións pode non selo, en tal caso o alumnado deberá facer o comentario completo. De non facer o Comentario, non se avaliará en positivo a proba.

A avaliación da proba será tamén global, sen que a cualificación corresponda necesariamente á cada unha das pautas que se indiquen na introdución senón ao conxunto dos coñecementos que exprese, para o que se terá en conta se o alumnado responde correctamente ao tema e orientacións formuladas, que estarán conformes cos contidos establecidos no currículo.

Terase en conta tamén as calidades formais da composición: claridade Historia do Mundo Contemporáneo 2 expositiva, capacidade crítica, rigor conceptual, é dicir, a maior ou menor madurez intelectual que a composición demostre, así como os erros gramaticais e ortográficos.

A composición deberá facerse seguindo as pautas ou recomendacións para facer comentarios que figura na guía electrónica da materia e que se explicarán nas clases.

A valoración da composición terá en conta a contextualización (relacionar os acontecementos históricos aos que se refiran os documentos co seu contexto histórico (social, político e económico segundo corresponda), contidos (explicar e identificar o problema histórico que mostren os documentos), conceptos (identificar ideoloxías, protagonistas, elementos de cambio ou de continuidade) cronoloxía (evolución histórica do problema precisando o marco cronolóxico e identificando antecedentes, causas ou consecuencias), referencias aos documentos (relacionar correctamente os documentos entre eles), estrutura da composición (global e enlazada), expresión (capacidade para realizar unha redacción clara, coherente e con rigor conceptual).

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Rúbricas, niveis de consecución

O proceso de descolonización.	B7.1. Explicar os motivos e os feitos que conducen á descolonización, e establecer as causas e os factores que explican o proceso.	HMCB7.1.1. Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos.	Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)
A descolonización de Asia.	B7.2. Describir as etapas e as consecuencias do proceso descolonizador, e identificar as que afectan a unhas colonias e a outras, establecendo feitos e personaxes significativos de cada proceso.	HMCB7.2.1. Establece de xeito razoado as causas, os feitos e os factores que desencadean e explican o proceso descolonización.	Establece de xeito razoado as causas, os feitos e os factores que desencadean e explican o proceso descolonización (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)
Os conflitos en Oriente Próximo.		HMCB7.2.2. Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África.	Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)
A descolonización de África.			
O Movemento de Países Non Aliñados.		HMCB7.3.1. Explica as actuacións da ONU no proceso descolonizador a partir de fontes históricas.	Explica as actuacións da ONU no proceso descolonizador a partir de fontes históricas (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)
O Terceiro Mundo. Relacións entre mundo desenvolvido e non desenvolvido.	B7.3. Definir o papel da ONU na descolonización, analizando información que demostre as súas actuacións.	HMCB7.4.1. Analiza as características dos países do terceiro mundo a partir de gráficas.	Analiza as características dos países do terceiro mundo a partir de gráficas (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)
	B7.4. Analizar o subdesenvolvemento do terceiro mundo e establecer as causas que o explican.		

		HMCB7.4.2. Localiza nun mapa os países do terceiro mundo.	Localiza nun mapa os países do terceiro mundo (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)
		HMCB7.4.3. Analiza textos e imaxes do Movemento de Países Non Aliñados e dos países subdesenvolvidos.	Analiza textos e imaxes do Movemento de Países Non Aliñados e dos países subdesenvolvidos (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)
	B7.5. Apreciar o nacemento da axuda internacional e o xurdimento das relacións entre os países desenvolvidos e subdesenvolvidos, reproducindo as formas de axuda ao desenvolvemento e describindo as formas de neocolonialismo dentro da política de bloques.	HMCB7.5.1. Explica a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista.	Explica a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)

UD12_ENTRE DOUS MILENIOS			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Rúbricas, niveis de consecución
A globalización. EE.UU no século XXI. Cara a unidade europea. A transformación do	B10.1. Analizar as características da globalización e describir a influencia dos medios de comunicación neste fenómeno, así como o impacto dos medios científicos e tecnolóxicos na sociedade actual.	HMCB10.1.1. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)

mundo islámico. América Latina na actualidade. África, o continente esquecido. Asia, o continente emerxente.		HMCB10.1.2. Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas.	Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas (100%) Demuestra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)
		HMCB10.1.3. Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual.	Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual (100%) Demuestra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)
	B10.2. Describir os efectos da ameaza terrorista (yihadismo, etc.) sobre a vida cotiá, e explicar as súas características.	HMCB10.2.1. Realiza unha procura guiada en internet sobre a ameaza terrorista, organizacións que a sustentan, actos máis relevantes (11-S de Nova York, 11-M de Madrid 7-X de Londres, etc.), os seus símbolos e as repercusións na sociedade (ciudadanía ameazada, asociacións de vítimas, mediación en conflitos, etc.), e analiza e comunica a información máis relevante.	Acada a destreza (100%) Demuestra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)
	B10.3. Resumir os retos da Unión Europea no mundo actual, identificando os seus problemas para amosarse como zona xeopolítica unida fronte a outras áreas.	HMCB10.3.1. Identifica os retos actuais da Unión Europea a partir de novas xornalísticas seleccionadas.	Identifica os retos actuais da Unión Europea a partir de novas xornalísticas seleccionadas (100%) Demuestra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)

		HMCB10.3.2. Explica comparativamente os desaxustes da Unión Europea na relación con outros países ou áreas xeopolíticas.	Explica comparativamente os desaxustes da Unión Europea na relación con outros países ou áreas xeopolíticas (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)
	B10.4. Enumerar os trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI identificando a transcendencia dos atentados do 11-S e explicando as transformacións e o impacto ocasionado a este país.	HMCB10.4.1. Elabora mapas conceptuais sobre os trazos da sociedade norteamericana, agrupados en política, sociedade, economía e cultura.	Elabora mapas conceptuais sobre os trazos da sociedade norteamericana, agrupados en política, sociedade, economía e cultura (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)
	B10.5. Analizar a evolución política, económica, social e cultural de Hispanoamérica.	HMCB10.5.1. Describe os principais movementos políticos, económicos, sociais e culturais da Hispanoamérica actual.	Describe os principais movementos políticos, económicos, sociais e culturais da Hispanoamérica actual (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)
	B10.6. Describir a evolución do mundo islámico na actualidade, resumindo os seus trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais.	HMCB10.6.1. Enumera e explica os trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais do mundo islámico, e localiza nun mapa os países que o forman na actualidade.	Enumera e explica os trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais do mundo islámico, e localiza nun mapa os países que o forman na actualidade (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)

	B10.7. Distinguir a evolución dos países de África relacionando as súas zonas xeoestratéxicas.	HMCB10.7.1. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre os principais países do continente africano.	Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre os principais países do continente africano (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)
	B10.8. Resumir a evolución de China e a India desde finais do século XX ao século XXI, seleccionando trazos políticos, económicos, sociais e de mentalidades	HMCB10.8.1. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais de China e a India.	Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais de China e a India (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)
		HMCB10.8.2. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre países emerxentes de Asia e África.	Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre países emerxentes de Asia e África (100%) Demostra unha certa destreza (50%) Amosa certos problemas para a súa consecución (25%)

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- **Elaboración** de resumos e esquemas.
- **Comparación** de correntes de pensamento.
- **Lectura, análise crítica e comentario de documentos** : Textos e mapas históricos, organigramas, gráficos, índices estatísticos.
- **Descrición**, comparación e valoración crítica de imaxes.
- **Síntese** das ideas fundamentais de cada unidade didáctica.
- **Exposición** ordenada e argumentada de procesos históricos.
- **Comparación** de procesos históricos, constitucións políticas e correntes ideolóxicas.
- **Descrición** de feitos históricos e análise da multicausalidade dos mesmos.
- **Explicación** causas-consecuencias de procesos históricos.
- **Observación** e análise de carteis históricos e de fotografías.

- **Elaboración** de cadros, fichas, esquemas e mapas de conceptos.
- **Observación**, comprensión e interpretación de liñas do tempo.
- **Busca** de información en fontes diversas.
- **Realización** de táboas de datos.
- **Dominio** do vocabulario propio da materia e correcta expresión escrita.
- **Participación** en debates de actualidade. (Contando coa dificultade engadida do modelo de educación a distancia).

10. INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

O profesor/a cando avalíe o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe fará unha reflexión sobre os seguintes puntos:

-Planificación

-Motivación do alumnado (dentro das dificultades do ensino a distancia)

-Desenvolvemento do ensino-aprendizaxe

-Proceso de ensino e a práctica docente

Para esta reflexión e avaliación empregaranse os indicadores que constan nos seguintes rexistros, tendo en conta que estamos ante unha oferta educativa a distancia:

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
PLANIFICACIÓN	Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
	Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
	Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula virtual.		
	Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		

	Planifica a materia de modo flexíbel, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
	Coordínase co profesorado doutros departamentos .		

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
	Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates e diálogos a través do foro...).		
	Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
	Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.		
	Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado (tendo en conta que é a distancia).		
	Estimula a participación activa dos estudantes na aula (foro, chat, titorías...)		
	Promove a reflexión dos temas tratados.		

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
DESENVOLVEMENTO DO ENSINO	Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas		
	Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posíbel, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
	Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías a través das diferentes canles dispoñíbeis: titorías multimedia, presenciais, vía telefónica.		
	Optimiza o tempo dispoñíbel para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	Utiliza recursos web ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula virtual.		
	Mantén unha comunicación fluída cos estudantes a través das canles dispoñíbeis.		
	Plantexa actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO- APRENDIZAXE	Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e da pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
	Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		

	Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non son alcanzados suficientemente.		
	Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		

Polo que se refire á avaliación da programación didáctica, en reunións de carácter quincenal realizarase un seguimento da programación didáctica por parte de todos os membros do departamento. Ao finalizar o curso, nunha reunión do departamento, farase unha análise dos resultados e discutiranse os posibles trocos na programación cara o curso seguinte despois dunha posta en común das reflexións de cada membro segundo os puntos do cadro seguinte:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR	A MELLORAR	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			

Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Outros aspectos			

11. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

O alumnado que teña pendente esta materia poderá realizar:

- Un exame xeral específico no mes de abril con data marcada pola xefatura de estudos e, para a súa preparación, deberá seguir os contidos da guía e os da aula virtual deseñados polo profesor/a da materia.
- O aconsellábel sería que se examinasen das dúas primeiras avaliacións co resto do alumnado, pero da terceira, ademais das que poda ter pendentes, examínase en abril e para esta dita avaliación o profesor/a da materia deseñará unha serie de actividades específicas ademais das contidas na guía da materia
- Examinase das tres avaliacións nas datas xa establecidas para cada unha delas co resto do alumnado.

12. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Na guía da materia de Historia do Mundo Contemporáneo xa está contemplado un conxunto de actividades de reforzo (exercicios de apoio, exercicios de autoavaliación, exercicios autoavaliábeis interactivos, resumos, et.) que o/a profesor/a da materia completará con outras actividades de reforzo para cada avaliación, especialmente deseñadas para o alumnado que o precise.

13. AVALIACIÓN INICIAL

Tendo en conta que estamos a falar dun bacharelato a distancia resulta complexo a realización dunha avaliación inicial, posto que a maioría do alumnado non ten a dispoñibilidade horaria para a mesma e o seu número fai difícil a mesma. Porén, con aquel alumnado que participe na aula virtual poderá valorarse o seu punto de partida grazas ás actividades e a súa evolución ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

14. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Sendo o Bacharelato un nivel educativo non obrigatorio e, neste centro, dada a idade en que se accede a el, é evidente que a atención a diversidade non é tan determinante como o era na ESO. Porén, é importante ter en conta que as-os estudantes poden acceder cun grao de desenvolvemento intelectual diferente ou cunha discapacidade física que pode afectar ao proceso de ensino-aprendizaxe. A atención a este tipo de diversidade abórdase desde as diversas posibilidades de programación das actividades de aprendizaxe que, por un lado, se organizan en relación a súa dificultade , establecéndose ao principio cuestións sinxelas, concretas e descritivas, para pasar a outras complexas, abstractas e explicativas; e, por outro lado , combínanse diferentes formas de aprendizaxe, presentando materiais , actividades e instrumentos de traballo variados co fin de conseguir o mesmo obxectivo didáctico.

15. TEMAS TRANSVERSAIS

O currículo do Bacharelato ten un carácter integrador coa finalidade de consolidar no alumnado a madurez social e moral que lles permita actuar responsable e autonomamente na sociedade actual o que supón a incorporación o currículo da Historia do Mundo Contemporáneo dos valores básicos que demanda a sociedade actual, tales coma **a educación para os dereitos humanos e a paz, educación moral e cívica, educación para a igualdade entre os sexos, educación ambiental, educación multicultural e educación europea.**

Estes temas transversais desenvólvense no proxecto curricular integrados nos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais do currículo de Historia do Mundo Contemporáneo. Así pois:

A educación para os dereitos humanos e a paz pretende:

- **Apreciar** os dereitos humanos coma un dos logros irrenunciabes da humanidade
- **Desenvolver** actitudes de rexeitamento as desigualdades sociais e económicas dos pobos
- **Promover** actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e etnias

A educación moral e cívica pretende :

- **Desenvolver** actitudes de tolerancia e respecto por ideas, opinións e crenzas que non coinciden coas propias
- **Formar** un xuízo crítico e razoado dos problemas das sociedades contemporáneas

- **Saber** debater cunha actitude crítica e tolerante , argumentando as opinións propias, e utilizando o diálogo como forma de resolver os conflitos humanos e sociais .
- **Comprender** aqueles contidos de grande impacto social como a emigración , a inmigración, a violencia, o racismo, as desigualdades sociais e económicas, o analfabetismo, etc. no marco xeral das tensións e problemas da sociedade actual.

A educación para igualdade entre os sexos ten como obxectivos:

- **Analizar** criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas, dando un tratamento equivalente e equilibrado ó papel semellante que xogan homes e mulleres no devir histórico.
- **Consolidar** hábitos non discriminatorios na explicación dos feitos e procesos do mundo contemporáneo, partindo da selección e análise de diversas fontes históricas e historiográficas.
- **Corrixir** a linguaxe sexista e homófoba que, ás veces, utilízanse de xeito inconsciente

A educación ambiental pretende:

- **Comprender** as consecuencias medioambientais que se derivan de certos acontecementos políticos, económicos ou científicos: conflitos bélicos, explotación abusiva de recursos naturais, etc.
- **Valorar e respectar** o patrimonio histórico, cultural e social, asumindo a responsabilidade da súa conservación e mellora.

A educación multicultural ten como finalidade :

- **Comprender** o significado histórico das culturas non europeas .
- **Desenvolver** actitudes de respecto, que non tolerancia, e valoración de culturas non occidentais.
- **Facerlles entender** que Europa non ten a solución a tódolos problemas, que as democracias europeas non son as únicas formas de organizar pobos e culturas

Na educación europea o seu principal obxectivo é:

- **Coñecer** o significado da Unión Europea.
- **Desenvolver** a conciencia dunha cidadanía europea.

Relación dos contidos de historia do mundo contemporáneo cos temas transversais

Educación para os dereitos humanos e a paz

- Análise do conflitos bélicos e étnicos como feitos que deben ser evitados.
- Estudo das transformacións e tensións nas relacións internacionais.

- Estudo das organizacións supranacionais e das non gobernamentais na defensa da paz e da cooperación cos pobos máis desfavorecidos.
- Elaboración de xuízos críticos sobre os acontecementos políticos, económicos e sociais do mundo contemporáneo.
- Estudo da formación da democracia coma forma de goberno en moitos países europeos durante o século XIX .

Educación moral e cívica

- Estudo dos problemas morais do noso tempo: carreira armamentística, desigualdades norte- sur, emigración, racismo, sexismo, homofobia...etc.
- Toma de conciencia dos proxectos éticos contemporáneos: dereitos humanos, pacifismo, feminismo , ecoloxismo, etc.
- Elaboración de informes sobre cuestións problemáticas da vida cotiá que supoñen posicións éticas diferenciadas: situacións de marxinalidade, violencia social, drogodependencia,etc.
- Análise de novos valores das sociedades postindustriais e da súa repercusión na calidade de vida
- Busca de actitudes cívicas e democráticas ante o coñecemento de situacións sociais conflitivas.

Educación para a igualdade entre os sexos

- Estudo da loita das mulleres polos seus dereitos: voto, educación, traballo remunerado,etc., como un movemento social paralelo a outros que se estudan en profundidade nos textos , como o caso do movemento obreiro....
- Elaboración de análises críticas sobre a igualdade entre tódolos seres humanos.
- Análise de fontes históricas sobre actuacións de homes e mulleres nos acontecementos do mundo contemporáneo: Revolución Francesa, revolución industrial, guerras mundiais, investigación científica, actuacións políticas,etc.
- Elaboración de xuízos críticos sobre a marxinação da muller e a violencia exercida contra delas en moitos países e culturas, incluída a nosa, e nalgúns sociedades actuais.

Educación ambiental

- Elaboración de análises ao redor das circunstancias e consecuencias medioambientais que poden derivarse dalgúns acontecementos políticos , económicos ou científicos: conflitos bélicos, explotación abusiva de recursos naturais, etc.

Educación multicultural

- Estudo da historia de sociedades non occidentais en Asia, o mundo islámico, África e América
- Realización de pequenas investigacións sobre temas políticos e sociais referidos a estes pobos: A África subsahariana, o conflito árabe-israelí, etc.

- Elaboración de xuízos críticos ante feitos sociais de discriminación: os refuxiados, a inmigración, o integrismo relixioso, os conflitos étnicos, etc.
- Análise crítica sobre o colonialismo e as súas repercusións actuais na pobreza dos países subdesenvolvidos. Desenvolvemento de actitudes cívicas de tolerancia e respecto cara a manifestacións culturais distintas das occidentais.

Educación europea

- Estudo do proceso de formación da Unión Europea
- Coñecemento das institucións da Unión Europea
- Busca de elementos da historia comúns ós países da Unión Europea como xeradores da cidadanía europea.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dadas as características específicas deste modelo de ensino a distancia, estas actividades referiranse aos vídeos contidos na aula virtual, aos filmes recomendados polo/a profesor/a na aula e a información proporcionada polo/a profesor/a sobre as actividades culturais mais significativas que teñan lugar no noso país.

17. ACTITUDES, VALORES E IMPULSO DA AUTONOMIA PERSOAL

Preocupación pola rigorosidade e obxectividade na interpretación da información histórica.

Coñecer o pasado como fonte para entender o presente.

Tomar conciencia da necesidade dunha preparación histórica para poder adoptar unha posición crítica propia.

Adquirir sensibilidade ante os problemas sociais derivados de situacións de desigualdade.

Valoración crítica do papel do cambio tecnolóxico no proceso histórico.

Valorar negativamente as desigualdades xurídicas; determinadas actitudes coma o despotismo, e certas actividades, coma o tráfico de escravos.

Fomentar o respecto ás ideas e a importancia da convivencia pacífica.

Inculcar a permeabilidade ó intercambio de opinións, informacións e criterios.

Valorar positivamente os logros do liberalismo político e recoñecelos como a orixe dos sistemas políticos europeos actuais.

Desenvolver hábitos e prácticas democráticas.

Rexeitar a discriminación sexual e fomentar a igualdade de oportunidades.

Apreciar a diversidade étnica e cultural.

Valorar a convivencia pacífica entre os pobos.

Rexeitar a discriminación racial e fomentar a igualdade dos seres humanos.

Valorar negativamente o recurso a violencia

Fomentar o respecto ás ideas e desenvolver hábitos de tolerancia, de respecto e de diálogo para resolver os conflitos.

Ter interese por coñecer os procesos económicos e a súa influencia sobre o devir social.

Valorar negativamente os extremismos políticos.

Rexeitamento da violencia como método de resolución dos conflitos.

Mostrar rexeitamento polos réximes que vulneren os dereitos humanos.

Tomar conciencia dos grandes problemas mundiais e adoptar unha actitude responsable ante eles.

Nas titorías presenciais e na aula virtual propóranse unha serie de traballos tendentes a fomentar a convivencia, a autonomía persoal, as habilidades sociais de comunicación e relación interpersoal como a escoita activa, a empatía, o respecto pola quenda de palabra, a valoración das opinións distintas a propia, e promovendo o tratamento correcto na utilización da aula virtual.

18. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

Actividades de contribución ao:

- *Proxecto lingüístico.*
- *Proxecto lector* (tamén contemplado nos contidos competenciais e nas actividades complementarias e transversais).
- *Proxecto das TIC* (Tecnoloxías da información e da comunicación).
- *Plan de Convivencia.*

Contribución ao Proxecto lingüístico

Coa finalidade de potenciar o coñecemento e o uso da lingua galega, dende este departamento procurarase:

- Usar o galego como vía de comunicación habitual dentro da comunidade educativa.
- Realizar as comunicacións escritas co alumnado e demais persoal do centro en lingua galega.
- Fomentar o uso da lingua nas conversas informais.
- Todos os contidos da aula virtual destinados o alumnado (guía da materia, documentos descargables, foro, ligazóns, correo electrónico, etc.) presentaranse sempre en galego. Os exames realizaranse en galego e/ou castelán

Como, cando e que avaliar: Valorar a actitude de respecto cara a lingua e o uso da mesma entre o alumnado e nas comunicacións co profesorado.

Contribución ao Proxecto lector

Sendo conscientes das peculiaridades que supón o ensino a distancia e o propio nivel de Bacharelato ao que nos diriximos, cremos que non podemos renunciar ao fomento da lectura do noso alumnado. Dadas as particulares motivacións dese alumnado e as dificultades de acceso as obras propostas, intentaremos centrarnos en obras breves ou directamente en fragmentos escollidos das mesmas. Estes van suñados a continuación e cun asterisco (*). O resto trátase dunha proposta de máximos, seguramente inaplicable neste curso, pero que máis adiante e con tempo poderíamos desenvolver

A nosa 1ª aposta literaria neste curso será unha novela que sitúa o espazo físico do Antigo Réxime. Paisaxe, roupa, estamentos sociais e por suposto, olores: *“El perfume”**, de Patrick Süskind. Subiremos a Aula Virtual o inicio da novela apoiada, ademais, na película de Tom Tykwer, propoñendo (¿por qué non?) a lectura completa da mesma.

Ademais, poderemos recomendar outras lecturas ambientadas a finais do século XVIII e principios do XIX, indicando as dificultades e virtudes das mesmas: *“Historia de dúas cidades”*, Charles Dickens; *“Guerra e paz”*, León Tolstoi.

Tamén iremos subindo á Aula, fragmentos de diversas películas (varias delas parten dunha novela) como ambientación de diferentes acontecementos e procesos históricos.

Para os procesos de unificación nacional de finais do século XIX utilizaremos varias escenas do filme de Lucchino Visconti, *“El Gatopardo”*, recomendando, por suposto, a novela de Lampedusa.

Para o análise da Revolución Industrial e a época Vitoriana presentaremos un catálogo fotográfico de escritores da época: Charles Dickens; Irmás Bronte (Emily, Charlotte e Anne); Lewis Carroll; H.G. Wells; Oscar Wilde; Arthur Conan Doyle; Bram Stoker; Robert Louis Stevenson; Jane Austen; Rudyard Kipling; Mary Shelley; Lord Byron; Charles Darwin,...

Nesta unidade centrarémonos nas seguintes novelas con versión cinematográfica:

- Germinal, Claude Berri, baseada na novela de E. Zolá.
- Oliver Twist, Roman Polanski, partindo da novela de Charles Dickens.

O punto de partida para afondar nas causas ideolóxicas do proceso colonizador poderían ser dúas obras de natureza moi distinta:

- *Tintín en el Congo**, o comic de Hergé.
- *El fantasma del rey Leopoldo**, de Adam Hochschild.

Unha lectura completa deste último resultaría pouco viable polo seu volume. Poderíamos preparar unha actividade a modo de webquest a partires de materiais presentados aos alumnos e da información que aporta a wikipedia sobre este libro.

Para o tema da 1ª Guerra Mundial, propoñemos, tamén, unha novela (ou recopilación de relatos) e dous cómics:

- *Compañía K**, de William March.

- Putá Guerra*, de Tardi.
- La gran guerra, Joe Sacco

Para a Revolución rusa e o Stalinismo poderíamos centrarnos neste 2º apartado e comentar os problemas de censura e de persecución persoal de moitos intelectuais:

- Osip Mandelstam, o epigrama contra Stalin* que marcou o seu trágico destino e recomendaremos as memorias da súa viuva, Nadiezhda.

- As poetisas Anna Ajmatova e Marina Tsvetaieva, cunha selección dos seus poemas*.

- Vasili Grossman, coa súa magna obra: Vida y destino.

Para os EE.UU. de entreguerras recomendaremos as magníficas novelas:

- El gran Gatsby, Scott Fitzgerald.
- Las uvas de la ira, John Steinbeck.

Para analizar a figura de Adolf Hitler, o nazismo e as consecuencias da Segunda Guerra Mundial recomendaremos unha breve novela epistolar e tres comics:

- Enderezo descoñecido*, de Kressman Taylor.
- Maus, de Art Spiegelman.
- Adolf, de Osamu Tezuka
- Pies descalzos, de Keiji Nakazawa.

Para ilustrar o século XX e a influencia dos Totalitarismos, poderíamos seleccionar algún dos capítulos da obra do recentemente falecido Tzvetan Todorov: "Memoria del mal, tentación del bien".

Contribución ao Proxecto das TIC

Dadas as características específicas destas ensinanzas de bacharelato a distancia do I.E.S. San Clemente uso das TIC é un dos instrumentos e recursos básicos de aprendizaxe e de comunicación entre alumnado e profesorado. Pode resultar redundante este obxectivo, sen embargo sempre debemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía.

En esta liña de actuación dende este departamento procurarase:

- **Estimular** ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades (foros, FAQs, correo, fonoteca,...)
- **Fomentar** a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. Para conseguir este obxectivo a información que se facilite ao alumnado deberá ser ordenada, diferenciando os documentos de obrigado estudo, dos que sexan de ampliación e evitando o exceso de información.
- **Propoñer** vídeos de contidos relacionados coa materia como elemento facilitador da aprendizaxe.

Avaliación

Valorar a mellora e aumento no uso dos recursos do portal educativo con respecto a cursos anteriores.

Contribución ao Plan de Convivencia

Considerando que a calidade da convivencia dentro de calquera colectivo e da comunidade educativa en especial, é un factor clave para o bo funcionamento do centro, dende este departamento intentarase:

- Colaborar co Observatorio da Convivencia e na elaboración do Plan de Convivencia.
- Colaborar no posible, co Obradoiro de Igualdade
- Manter e fomentar o espírito de compañeirismo, colaboración e respecto nas relacións coas demais persoas e promover esta dinámica entre o alumnado.
- Fomentar o desenvolvemento de habilidades sociais como a escoita activa, a empatía o respecto pola quenda de palabra e a valoración das opinións distintas a propia.

Avaliación

Valorar as actitudes respectuosas e tolerantes do alumnado entre si e co profesorado.

* * *

19. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA AFRONTAR O PROCESO DE PANDEMIA

A dinámica particular de traballo nun Centro de Educación a Distancia coma o noso fan que boa parte dos atrancos cos que se pode atopar un Centro Ordinario queden neutralizados. Xa durante o Curso pasado (2019-20) se estableceron dinámicas de traballo e contacto co alumnado que podemos considerar satisfactorias.

En previsión dun posible novo confinamento xeral, zonal ou de individuos particulares se estableceron os seguintes procedementos:

Sen detrimento da utilización das canles habituais do teléfono e do Correo para consultas ordinarias e envío de exercicios, priorizaremos o contacto co alumnado a través de videoconferencia. Empregaremos a Plataforma Jitsi, mellorada e integrada na propia Aula Virtual. En caso de ter que empregar este método para realizar contactos múltiples se poderá acceder a través de Meet.

Tal e como se establece no protocolo COVID do Centro, tamén poderán realizarse entrevistas presencias, pero sempre baixo cita previa.

A planificación de dúas modalidades de exames: físicos e telemáticos. Sempre que sexa posible faranse de xeito presencial, pero prevemos a posibilidade de realizar exames tipo test telemáticos, a través da Plataforma do IES, en cada avaliación e nas convocatorias finais e de setembro. As primeiras seguirían o formato xa establecido e comentado na presente Programación Didáctica. As telemáticas constarán de 20 preguntas tipo test de resposta múltiple no caso dos exames de avaliación e de 40 nas convocatorias finais. Procurarase mellorar o funcionamento dos mesmos artellando ao longo do Curso medidas de vixilancia e control dos mesmos.

Como medida adicional de recuperación de contidos do Curso anterior para aqueles alumnos que teñan que afrontar con garantías o 2º de Bacharelato, quedan en aberto todas as Aulas Virtuais do Centro incluída a de Historia do Mundo Contemporáneo. A todo aquel alumnado que o necesite será remitido ao enlace

<https://guiasbac.iessanclemente.net/>

Evidentemente o profesor da materia queda a disposición do alumnado do Centro, aínda que este non esté matriculado na materia de Historia do Mundo Contemporáneo.

Contemplamos, tal e como se fixo na terceira avaliación do curso 2019/20, a posibilidade de modificar a presente Programación Didáctica en función das necesidades e da evolución da pandemia.